

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 21**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 28 de DECEMBRO de 2015, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores .** (Acta ordinaria 26 de outubro de 2015).
- 2.- Declaracións institucionais.**
- 3.- Ditames das comisións informativas:**
- 4.- Propositions mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**
- 5.- Mocións:**
  - 5.1.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Ministerio de Fomento-Renfe a incrementar os servizos a Madrid e Barcelona en festivos e períodos vacacionais para garantir a demanda de transporte dos vigueses. Rexistro Pleno 1227/1101.
  - 5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a desenvolver como Proxecto Industrial Estratéxico ou Proxectos Sectoriais de incidencia supramunicipal o Polígono de Balaídos, ampliación do PTL Valadares, estación de Thom Mayne e a Cidade da Xustiza. Rexistro Pleno 1295/1101.
  - 5.3.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Consellería de Educación a que aumente significativamente a oferta de ciclos de Formación Profesional tanto de grao medio como de grao superior no ensino público, no próximo curso 2016/17. Rexistro Pleno 1296/1101.
- 6.- Asuntos ou mocións urxentes.**

## **PARTE DE CONTROL**

- 1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**
- 2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**
- 3.- Comparecencias de membros da Corporación.**
- 4.- Mocións.**
  - 4.1.- Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando á Corporación municipal a garantir que o persoal dos aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal sexan subrogados en obrigas e dereitos. Rexistro Pleno 1291/1101.
  - 4.2.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a paralización do expediente de contratación co Auditorio Mar de Vigo de aluguer de salas para a instalación da UNED e se convoque concurso público. Rexistro Pleno 1292/1101.
  - 4.3.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular solicitando informe aos servizos xurídicos e a Intervención Xeral das consecuencias da anulación do Plan Xeral 2008 respecto da prórroga da concesión de AQUALIA-FCC Vigo UTE. Rexistro Pleno 1293/1101.
  - 4.4.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Pleno a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta de Galicia no que esta se comprometa a financiar os custes de redacción e elaboración do novo PXOM de Vigo. Rexistro Pleno 1297/1101.
- 4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.**
- 5.- Formulación de rogos.**
- 6.- Formulación de preguntas.**

**DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E OITO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, 22 de decembro de 2015

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL.DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.

